



SOCIEDAD DE MONTAÑA

ARTABROS

DESDE 1974

Estatutos

Marzo 2024



PREÁMBULO

A Sociedade de Montaña Ártabros constituíuse o día 22 de decembro de 1974, segundo consta no Acta fundacional.

Os seus Estatutos aprobounos a Delegación Nacional de Educación Física e Deportes o 13 de febreiro de 1975. A Sociedade inscribiuse no Rexistro Nacional de Clubs e Sociedades Deportivas co número 5551 (de acordo coa entón vixente Lei nº 191/64 e Decreto nº 1440/65).

Na Asemblea que tivo lugar no mes de xaneiro de 1982, ditos Estatutos adecuáronse á Lei nº 13/80 e Decreto 177/81; e consonte ao disposto no Decreto n1 82/1983 da Xunta de Galiza, aprobounos a Dirección Xeral de Deportes da Xunta o día 24 de novembro de 1983, quedando rexistrada esta Sociedade no Rexistro de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas desa Dirección Xeral co nº 49.

A Sociedade de Montaña Ártabros, na Asemblea Xeral Extraordinaria do día 2 de febreiro de 2002, aprobou a modificación dos seus Estatutos para adaptalos á Lei Xeral do Deporte de Galiza.

A Sociedade de Montaña Ártabros, na Asemblea Xeral Extraordinaria do día 29 de febreiro de 2008, aprobou a modificación dos seus Estatutos para incluír a revisión automática das cotas anuais, Capítulo III, Artigo 13º.

A Sociedade de Montaña Ártabros, na Asemblea Xeral Extraordinaria do día 31 de xaneiro de 2018, aprobou a modificación dos seus Estatutos para adaptalos á Lei 3/2012 do Deporte de Galiza.

A Sociedade de Montaña Ártabros, na Asemblea Xeral Extraordinaria do día 24 de novembro de 2022, aprobou a modificación dos seus Estatutos para incluír as figuras de socio protector e socio federativo no Capítulo II.

A Sociedade de Montaña Ártabros, na Asemblea Xeral Extraordinaria do día 09 de abril de 2024, aprobou a modificación dos seus Estatutos para incluír nos seus obxectivos a promoción efectiva da igualdade e inclusión das diversidades no Capítulo I.

CAPÍTULO I DENOMINACIÓN, ACTIVIDADE DEPORTIVA QUE CONSTITÚE O SEU OBXECTO, E DOMICILIO

O club solicitará a ratificación dos Estatutos e a inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade coa Lei do Deporte de Galicia 3/2012.

Artigo 1.- Denominación

A Sociedade de Montaña Ártabros é unha Asociación privada sen ánimo de lucro, con capacidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas cuxo obxectivo principal é a práctica da actividade física e deportiva dos asociados.

Artigo 2.- Actividade deportiva que constitúe o seu obxecto

A Sociedade de Montaña Ártabros practicará o Montañismo como a principal modalidade deportiva.



A Sociedade de Montaña Ártabros practicará así mesmo as modalidades ou especialidades deportivas de Escalada, Espeleoloxía, Esquí, Orientación, Sendeirismo, Carreiras por montaña, Marcha Nórdica e Tiro con Arco, a cuxo fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes, sen prexuízo de que a Xunta Directiva poida crear novas seccións para practicar outras modalidades deportivas, que serán ratificadas pola Asemblea Xeral.

A Sociedade de Montaña Ártabros ten tamén coma obxectivo contribuir e promover a igualdade e inclusión de diversidades na práctica da súa actividade deportiva.

Artigo 3.- Domicilio

O enderezo social fica na rúa Santa Teresa 14 — baixo, de A Coruña.

A Xunta Directiva poderá cambiar o enderezo dentro da mesma localidade cando as circunstancias así o aconsellen. Para trasladar o enderezo a outra localidade, que deberá ser sempre dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, é necesario o acordo dos 2/3 dos socios asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria. En ámbolos dous casos non é necesario modificar Estatutos; informarase aos socios, e deixárase constancia no Rexistro pertinente da Xunta de Galicia.

CAPÍTULO II SOCIOS, ADMISIÓN, CLASES, DEREITOS E OBRIGAS, BAIXAS

Artigo 4.-

Poderán formar parte da asociación persoas físicas que teñan interese no desenvolvemento dos fins do Club. Persoas Físicas, Entidades e Institucións poderán ser nomeados Socios de Honra.

O número de socios será ilimitado. A Xunta Directiva poderá suspender a admisión de novos socios por razóns de capacidade física das instalacións. Os socios poden ser das seguintes clases: de número, aspirantes, temporais, honorarios, protectores, e federativos.

Artigo 5.- Tipos de socio

Son socios de número tódalas persoas maiores de idade que aboan a cota social establecida.

Son socios aspirantes os menores de 18 anos; os socios aspirantes pasarán automaticamente a ser socios de número ao cumprir a maioría de idade.

Son socios temporais os maiores de 18 anos integrantes do club por un período inferior a un mes. O socio temporal poderá selo cantas veces queira, sempre que a Xunta Directiva o permita.

Son socios honorarios as persoas físicas ou xurídicas ás que a Asemblea Xeral outorgue esta distinción.

Son socios protectores as persoas físicas ou xurídicas que así o soliciten, e que no momento da solicitude aboan unha cota por ese concepto. A condición de socio protector corresponde ao ano no que se realiza o pago da cota en concepto de socio protector.

Son socios federativos aqueles aos que se tramite a licenzia federativa correspondente a través do club, aboando unha taxa de xestión de licenzia.

Artigo 6.- Dereitos e obrigas dos socios



6.1. Os socios de número teñen os seguintes dereitos:

- a) Contribuír ao cumprimento dos fins específicos da Sociedade.
- b) Esixir que a Sociedade se axuste ao disposto na lexislación vixente, e ao establecido no presente Estatuto.
- c) Separarse libremente da Sociedade.
- d) Coñecer as actividades da Sociedade e examinar a súa documentación, logo da petición razoada á Xunta Directiva.
- e) Expoñer libremente as súas opinións na Sociedade.
- f) Desfrutar dos servizos e instalacións sociais da Sociedade, e participar nas actividades organizadas por esta, tralo pago das cotas e en cumprimento dos requisitos que en cada caso determine a Xunta Directiva.
- g) Ser elector e elixible para os órganos de representación e de goberno da Sociedade, sempre que teña capacidade de obrar.

6.2. Son obrigas dos socios de número:

- a) Aboar as cotas que decida a Asemblea Xeral.
- b) Contribuír ao sustento das modalidades deportivas que practique a Sociedade.
- c) Acatar cantas disposicións dite a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, ou o Presidente, para o bo goberno da Sociedade.

6.3. Os socios aspirantes e os socios temporais terán dereito:

- a) A separarse libremente da Sociedade.
- b) A desfrutar dos servizos e instalacións sociais e participar nas actividades organizadas por esta, trato pago das cotas e cumprimento dos requisitos que en cada caso determine a Xunta Directiva.
- c) Non terán dereito a voz nin voto ate que sexan socios de número.

6.4 Son obrigas dos socios aspirantes e dos socios temporais:

- a) Aboar as cotas que decida a Asemblea Xeral.
- b) Acatar cantas disposicións dite a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, ou o Presidente, para o bo goberno da Sociedade.

6.5. Son dereitos dos socios protectores:

- a) Contribuír ao cumprimento dos fins específicos da Sociedade.
- b) Esixir que a Sociedade se axuste ao disposto na lexislación vixente, e ao establecido no presente Estatuto.
- c) Expoñer libremente as súas opinións na Sociedade.
- d) Non terán dereito a desfrutar dos servizos e instalacións sociais da Sociedade, nin a participar nas actividades organizadas por esta, nin a ser elector e elixible para os órganos de representación e de goberno da Sociedade, salvo no caso de persoas físicas que sexan tamén socios de número e teñan as cotas sociais actualizadas.

6.6. Son obrigas dos socios protectores:

- a) Aboar as cotas en concepto de socio protector.



- b) Acatar cantas disposicións dite a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, ou o Presidente, para o bo goberno da Sociedade.

6.7. Son dereitos dos socios federativos:

- a) Participar nas probas federativas oficiais en representación do club durante o período de validez da licenzia correspondente.
b) Colaborar de xeito voluntario na organización de calquera das actividades promovidas polo club.

6.8. Son obrigas dos socios federativos:

- a) Pagar a taxa correspondente por xestión da licenzia federativa.
b) Acatar cantas disposicións dite a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, ou o Presidente, para o bo goberno da Sociedade.

6.9. Os familiares non socios dos asociados poden facer uso das instalacións ou participar nas actividades que previamente determine a Xunta Directiva, tralo pago da cota correspondente.

Artigo 7.- Admisión de socios

Para ser admitido como socio en calquera das súas modalidades, será preciso:

- Ter a idade sinalada para cada unha delas.
- Aportar os datos necesarios da solicitude de admisión, segundo formularios en vigor.
- Aboar a cota de ingreso correspondente.

Artigo 8.- Perda da condición de socio

A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falecemento.
- Por falta de pago das cotas sociais, despois do requirimento e consecuente resolución da Xunta Directiva, se non se poñen ao día transcorridos trinta días naturais dende o requirimento.
- Por acordo da Xunta Directiva, sometido á aprobación da Asemblea Xeral, logo da apertura de Expediente Disciplinario segundo o estipulado nos presentes Estatutos.

CAPÍTULO III ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 9.-

Son órganos de representación e goberno da Sociedade de Montaña Ártabros a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

ASEMBLEA XERAL

Artigo 10.-

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de goberno da Sociedade. Está integrada por tódolos socios de número.



As Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría dos asociados. En segunda e última convocatoria, media hora máis tarde, quedará constituída calquera que sexa o número de membros presentes. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para que teña lugar pasarán, como mínimo, dez días naturais e non poderán transcorrer máis de vinte.

Artigo 11.-

O Presidente convocará a Asemblea Xeral a iniciativa propia, ou a petición do vinte cinco por cento, como mínimo, dos socios de número.

11.1 A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse con carácter ordinario, logo da convocatoria do Presidente, como mínimo unha vez ao ano para tratar das seguintes cuestións:

- Memoria, liquidación do orzamento, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación, se procede.
- Orzamento para o exercicio seguinte segundo proxecto e proposta da Xunta Directiva.
- Proposicións que formulen os socios e que deberán ir asinadas, como mínimo, polo cinco por cento destes.
- Pedimentos e preguntas.

11.2 Debera ter lugar Asemblea Xeral Extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección de Presidente, tomar cartas a empréstito, emitir títulos representativos de débeda, ou de parte alícuota patrimonial, alleamento de bens inmoables e fixación de cotas dos socios, e calquera outro acordo previsto nestes Estatutos, ou que se estime oportuno pola Xunta Directiva, ou proceda legalmente.

11.3 Os acordos da Asemblea Xeral tomaranse do seguinte xeito:

- Con carácter xeral, por maioría simple dos votos dos socios presentes e representados.
- Necesitarase maioría absoluta (a metade dos votos máis un) para:
 - a) Solicita-la declaración de Utilidade Pública.
 - b) Modifica-los Estatutos.
 - c) Modifica-las cotas sociais.
 - d) Ratifica-la expulsión dos socios aprobada pola Xunta Directiva, previo ditame do Comité de Disciplina.
 - e) Autoriza-la incorporación de grupos ou agrupacións á Asociación.
- Será necesaria unha maioría de 2/3 dos votos para:
 - a) Dispoñer e allear bens.
 - b) Disolve-la Asociación.
 - c) Emitir Títulos de Débeda.
 - d) Solicitar préstamos.
 - e) Aprobar unha moción de censura.

Artigo 12.-

Os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva serán vencellantes e de obrigado cumprimento, e terán forza executiva a partires da data da súa adopción, sen prexuízo da posibilidade de que, por razón da materia, poidan recorrerse perante os órganos competentes



e da Federación Galega Deportiva competente na modalidade afectada, ou o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

XUNTA DIRECTIVA

Artigo 13.-

A Xunta Directiva é o órgano de representación e xestión da Asociación e estará formada polo Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e cando menos un Vocal representante de cada unha das Seccións existentes.

Os membros da Xunta Directiva será socios, maiores de idade, con pleno uso dos seus dereitos civís e que non estean incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos pola lexislación vixente. Deberán cumprir as obrigas que a Lei estableza para o seu cargo. A Xunta Directiva reunirse coa periodicidade suficiente para o bo desenvolvemento do Club.

Artigo 14.-

Os acordos da Xunta Directiva tomaranse por maioría simple. En caso de empate decidirá o voto do Presidente.

Artigo 15.-

O Presidente da Xunta Directiva é o Presidente do Club, e nomeará e revogará os demais membros da Xunta Directiva, que deberán ser ratificados na primeira asemblea xeral, tendo mentres, todos os cargos, forza executiva.

Artigo 16.-

Os membros da Xunta Directiva deixarán de selo polas seguintes causas:

- Renuncia voluntaria comunicada por escrito ó Presidente.
- Por decisión do Presidente.
- Por calquera causa que lles impida desempeña-las súas funcións.

Artigo 17.-

O Presidente será elixido pola Asemblea Xeral por un período de catro anos, segundo o disposto no regulamento electoral. Co Presidente integran a Xunta o Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e os Voceiros, que serán elixidos por aquel.

Corresponderán á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

- Aprobar a renovación de cargos na Xunta Directiva, a proposta do Presidente.
- Manter a orde na Sociedade, nas súas instalacións e nas actividades e competición que organice.
- Convocar, por medio do seu Presidente, a Asemblea Xeral.
- Cumprir os acordos da Asemblea Xeral.
- Sinalar as condicións e forma de admisión dos novos socios, a cota de pago e as taxas das actividades, así como indicar a forma en que se realiza o seu cobro, e o cobro das cotas dos socios.



- Redactar ou reformar, aprobar e facer cumprir os regulamentos de Réxime interior, fixando o uso das instalacións e as tarefas correspondentes.
- Nomear as persoas que organizan as actividades do club ou dirixan algunha comisión que se cree.
- Formular o inventario e balance anual, redactar a Memoria anual da Sociedade e, en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas para o fomento e desenvolvemento do deporte dentro do club.
- Revisar e, de ser o caso, aprobar, o incremento das cotas sociais anuais nun máximo que resulte de aplicar o último IPC real anual acumulado, segundo a información publicada polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 18.-

A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia de, polo menos, tres dos seus membros, e en todo caso do Presidente ou Vicepresidente.

O Presidente convocará a Xunta Directiva con dous días, como mínimo, de adianto á data desta. Tamén se poderá convocar a petición de tres ou máis dos seus membros.

A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída cando estean presentes tódolos seus membros, aínda que non se efectuase convocatoria con anterioridade.

Artigo 19.- O presidente

O Presidente desempeñará a representación legal da Sociedade, actuará no seu nome e estará obrigado a executar os acordos que adopte a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

Este cargo é a título gratuito e carente de interese nos resultados económicos da explotación, por si mesmo ou a través de persoa interposta. Outras funcións do Presidente son:

- Presidir e coordinar a reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- Aprobar as Actas correspondentes a esas reunións.
- Procurar levar a cabo tódolos fins do club.
- Convocar as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- Xestionar o patrimonio da Sociedade.
- Presentar a Memoria anual na Asemblea Xeral.
- Asinar acordos e convenios propicios para acadar os fins do Club.

Na ausencia do Presidente, o Vicepresidente da Sociedade asumirá as súas funcións.

Artigo 20.- O tesoureiro

O Tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario da Sociedade, asinará os recibos, autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

Será obriga do Tesoureiro formalizar durante o primeiro mes de cada ano un balance de situación e as contas de depósito de cartos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 21.- O secretario



O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Sociedade, e levará o Rexistro de Socios e o Libro de Actas.

CAPÍTULO IV SECCIÓNS

Artigo 22.-

A Xunta Directiva poderá acorda-la constitución de Seccións para un mellor desenvolvemento dos fins do Club. As Seccións actuarán dentro dun campo concreto, adscribíndose, se procede, á Federación respectiva. Cada Sección estará integrada polos seus membros, que á súa vez serán socios do Club.

Cada Sección poderá aprobar un Regulamento de Réxime Interno, que deberá ratificar a Xunta Directiva, polo que se rexerán os membros da Sección correspondente.

O Presidente nomeará un ou máis vocais que representen a cada Sección na Xunta Directiva. Os vocais tamén poden ser propostos por cada Sección e ratificados polo Presidente.

As diferentes Seccións poderán levar un libro de actas onde se reflectan as súas reunións, decisión ou similares. As Seccións teñen como atribucións:

- Coordinar e organizar actividades oficiais propias do calendario do Club, as da Sección e as delegadas das Federacións respectivas.
- Poder elaborar e controlar o seu propio orzamento, supervisado pola Xunta Directiva.
- Calquera outra atribución que lles sexa encomendada pola Xunta Directiva e aceptada pola Sección.

CAPÍTULO V RESPONSABILIDADE DOS SOCIOS, ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 23.- Responsabilidade dos directivos

A responsabilidade dos directivos do Club esténdese ós acordos e actos contrarios ó ordenamento xurídico xeral e as disposicións contidas na Lei do Deporte de Galicia e nas disposicións regulamentarias que as desenvolvan, así como todo aquilo que estea en contra do contido nos presentes Estatutos e regulamentos que os desenvolvan e contra aquelas normas que de forma supletoria sexan de aplicación.

Artigo 24.-

En calquera caso, os directivos responderán fronte os socios, ó Club ou terceiros por culpa ou negligencia grave no exercicio das súas funcións que causen grave prexuízo ó Club, terceiros ou socios.

Artigo 25.- Responsabilidade dos socios

A responsabilidade dos socios do Club esténdese ós actos contrarios ó ordenamento xurídico xeral, e as disposicións contidas na Lei do Deporte de Galicia e nas disposicións regulamentarias que as desenvolvan, así como todo aquilo que estea en contra do contido nos presentes Estatutos



e regulamentos que o desenvolvan e contra aquelas normas que de forma supletoria sexan de aplicación.

Así mesmo responderán fronte ós demais socios, os ou terceiros, cando se aprecie culpa ou negligencia que cause grave prexuízo ó Club, terceiros ou socios.

CAPÍTULO VI RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 26.-

A potestade disciplinaria do Club recaerá no comité de Disciplina, quen terá a facultade de investigar e, no seu caso, sanciona-las faltas que cometan os socios. Non poderán formar parte do Comité de Disciplina os membros da Xunta Directiva nin os membros das federacións nas que o Club estea adscrito.

Este comité será nomeado pola Asemblea Xeral e estará formado, como mínimo, por tres membros.

Artigo 27.-

O Comité de Disciplina actuará nos seguintes casos:

- Cando as actuacións dos socios impidan o cumprimento dos fins do Club, ou outro funcionamento dos órganos de goberno e representación da Asociación.
- Cando os socios produzan intencionadamente danos de tipo material ós bens do Club.
- Cando os socios infrinxan os presentes Estatutos ou os Regulamentos de Réxime Interno.

Artigo 28.-

A composición do Comité de Disciplina, así como a tramitación dos expedientes, a tipificación das faltas que serán leves, graves e moi graves e as súas sancións, serán desenvolvidas nun regulamento específico o, no seu defecto, se rexerán polo disposto na Lei 3/2012 do deporte de Galicia.

Artigo 29.-

Para impoñer calquera tipo de sanción, será preceptiva a instrución dun expediente, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente, no cal necesariamente darase audiencia ó interesado.

Contra as resolucións do Comité de Disciplina cabe recurso, de ser o caso, perante a Federación respectiva e o Comité Galego de Disciplina Deportiva.

Artigo 30.-

En ausencia dunha regulación específica do Club, será aplicable o que establezan as Federacións Deportivas respectivas e a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

CAPÍTULO VII REGULAMENTOS DE RÉXIME INTERNO

Artigo 31.-



A Xunta Directiva elaborará normas de funcionamento interno que formarán parte dos denominados Regulamentos de Réxime Interno e que desenvolverán aquelas materias contempladas ou non, nos presentes Estatutos. Non poderán ir, en ningún caso, en contra do estipulado nos mesmos.

CAPÍTULO VIII RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 32.-

O Club contará coa seguinte documentación:

- **Rexistro de Socios.** Onde se fará constar nome e apelidos dos socios, documento nacional de identidade, pasaporte ou similar, datas de alta e baixa e clase de socio, así como a toma de posesión e cese dos cargos directivos.
- **Libro de Actas.** Onde se consignarán as reunións que celebren á Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, o número de asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados. As actas serán asinadas polo Presidente e polo Secretario.
- **Libro de Contabilidade.** Onde se especificarán os ingresos e gastos do Club, a procedencia dos ingresos e o destino dos gastos e investimentos.
- **Rexistro de Títulos de débeda.** Onde se anotarán as sucesivas transferencias.
- **Memorias de actividades.** Memorias Anuais e Regulamentos de Réxime Interno da Asociación e das Seccións que estarán a disposición dos socios.

CAPÍTULO IX RÉXIME ECONÓMICO – FINANCEIRO E PATRIMONIAL

Artigo 33.-

A Sociedade de Montaña Ártabros estará sometida ao réxime do orzamento e patrimonio propio coas seguintes limitacións, ó ser unha entidade sen ánimo de lucro:

- a) Non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizo, nin exercer actividades dese carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus depósitos de cartos aplicaranse exclusivamente á conservación do seu fin social.
- b) Poderán fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo ao público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ao desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.
- c) A Sociedade de Montaña Ártabros poderá gravar e allear bens, mobles inmoables, tomar cartos a empréstito e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:
 - Que ditas operacións as autorice a maioría de dous terceos dos socios presentes ou representados na Asemblea Xeral Extraordinaria.
 - Que ditos actos non comprometan de xeito irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúe o seu fin social. Para a axeitada xustificación deste extremo poderase esixir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno ditame económico-actuarial.
 - Cando se trate de gravar ou allear bens, mobles ou inmoables que foran financiados en todo ou en parte con Fondos Públicos da Comunidade Autónoma, será preceptiva a autorización da Secretaría Xeral para o Deporte de la Xunta de Galicia.

Artigo 34.-



A Sociedade de Montaña Ártabros poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial. Estes títulos serán nominativos. Os títulos rexistraranse nun libro que levará ao efecto a Sociedade, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión e, de ser o caso, o xuro e o prazo de amortización.

Os títulos de débeda só os poderán subscribir os asociados, e a súa posesión non outorgará dereito especial algún aos socios, agás a percepción dos xuros establecidos consonte á lexislación vixente.

Os títulos de parte alícuota patrimonial subscribiranos así mesmo os asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Os títulos de débeda e parte alícuota patrimonial transferiranse unicamente entre os que teñan a condición de socios.

CAPÍTULO X MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 35.-

Os presentes Estatutos só poderán ser modificados, reformados ou revogados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal fin, e deberá adoptarse en votación por maioría segundo o establecido nestes Estatutos, debéndose comunicar ó Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia para a súa aprobación e inscrición de acordo co previsto na normativa vixente.

CAPÍTULO XI DISOLUCIÓN

Artigo 36.-

O club extinguirase ou disolverase por:

- Revogación do recoñecemento oficial do Club.
- Fusión ou integración con outra entidade de características similares.
- Mandato xudicial ou administrativo.
- Acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto, adoptado por unha maioría de 2/3 dos membros asistentes con dereito a voto.
- Calquera outra vez que estableza o ordenamento xurídico.

Artigo 37.- Procedemento de disolución

O Presidente terá que convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria para que esta adopte o correspondente acordo de disolución no prazo de dous (2) meses dende que teña coñecemento da existencia da causa determinante da disolución.

Dita disolución comunicarse ó Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia para que proceda á cancelación da súa inscrición de acordo coa normativa vixente.

Disolvido o Club, o remanente do seu patrimonio social, de habelo, reverterá nunha colectividade de fins análogos. A tal fin comunicarse a disolución á Administración Deportiva



da Comunidade Autónoma de Galicia e ás Federacións territoriais respectivas, que acordarán o destino dos bens para o fomento e desenvolvemento de actividades deportivas.

CAPÍTULO XII DISPOSICIÓN FINAL

Artigo 38.-

En todo o que non estea expresamente previsto neste Estatutos seralle de aplicación o que estableza a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia ou calquera outra aplicación de rango superior.